

DESCRIPCIÓN DA RUTA


A ruta fai un percorrido circular pola costa de Oleiros, comezando no lugar de **Mera**, preto da lagoa do mesmo nome. Dende este punto chégase á Punta de Mera, onde se erguen uns interesantes faros. Asemade emprázase nesta zona a antiga Casa dos fareiros, transformada actualmente nun Centro de Recepción de Visitantes e Aula do Mar, que presenta os valores da **Costa de Dexo-Serantes**, catalogada como Monumento Natural. O camiño percorre parte deste espazo protexido destacando a forza e beleza a beleza dos seus cantís. Nas inmediacións do **Seixo Branco** aparecen unha serie de furnas e bufadoiros esculpidos polas augas do mar na rocha. Dende a costa pódense ver tamén unha serie de fermosos illotes, entre os que destaca o da Marola.

Dende o Seixo Branco accédese ós **castros de Subiña**, de **Punta Roza** e de **Torrella**, así como á **Igrexa Románica de Dexo**, que data do século XII. Posteriormente chégase ao **Porto de Lorbé**, zona de produción acuícola onde non se deben deixar de degustar os típicos mexillóns. Máis adiante, na praia de Cirro, pódese coller o desvío pola **ruta da Costa Doce ata Sada**. Finalmente no lugar de Maianca pódese visitar a súa igrexa prerrománica e os seus muiños. Logo desta parada chégase ó punto de partida, en Mera, que supón tamén o fin da ruta.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

Percorrido: 24,1 km
Duración: 7,5 horas
Dificultade: media
Tipo de trazado: circular
Concellos polos que pasa: Oleiros
Punto inicio/fin: Praia de Mera

PERFIL



LENDA

- Panel interpretativo
- Ruta
- Roteiro Mariñán Costa Doce
- Inicio / fin de ruta
- Monumento Natural Costa de Dexo
- L.I.C. Rede Natura 2000
- Paseo marítimo
- Fonte / lavadoiro
- Igrexa / capela
- Muiño
- Vista panorámica/miradoiro
- Castro
- Faro
- Aula do Mar



PLANO DA RUTA

